

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 10 de xaneiro de 2024 pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2023.*

O artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro), impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración subscritos.

En consecuencia, e para dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Dar publicidade á relación dos convenios subscritos polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega) nos meses de setembro a decembro do ano 2023, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2024

Pablo Fernández Vila  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

**ANEXO****Convenios subscritos pola Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro**

Convenio	Data de sinatura	Achega da Axencia
Convenio entre a Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Asociación Clúster Gallego de la Industria y Servicios de Apoyo al Desarrollo de las Energías Renovables y la Sostenibilidad Energética (Cluergal) para a realización de actividades de difusión, formación, información e asesoramento relacionadas co desenvolvemento das enerxías renovables en Galicia	13.9.2023	55.000,00 €
Convenio entre a Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Asociación Clúster Gallego de la Industria y Servicios de Apoyo al Desarrollo de las Energías Renovables y la Sostenibilidad Energética (Cluergal) para o desenvolvemento da xornada Urban Solutions Symposium	20.9.2023	2.500,00 €
Convenio entre a Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Fundación Catedral de Santiago para a mellora da iluminación arquitectónica na biblioteca e sala capitular da catedral de Santiago de Compostela	26.10.2023	66.259,60 €



Convenio	Data de sinatura	Achega da Axencia
Convenio entre a Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Asociación Clúster da Xeotermia Galega (Acluxega) para a realización de actividades de información e comunicación relacionadas co desenvolvemento da enerxía xeotérmica en Galicia e a actualización de datos estatísticos relacionados coas instalacións xeotérmicas en Galicia	2.11.2023	15.000,00 €
Convenio entre a Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Diocese de Lugo para a mellora da eficiencia enerxética mediante a renovación da instalación eléctrica na Igrexa de Pedreda	4.12.2023	16.780,40 €

